



1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de **15 minutos**.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que enchese por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto **NON** poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. De acordo co artigo 12 da Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, a revisión, actualización e publicación periódica dunha guía de formularios de referencia recomendados de consentimento informado corresponde a:

- A) O conselleiro de Sanidade.
- B) O Consello de Dirección do Servizo Galego de Saúde.
- C) A Comisión de Consentimento Informado.
- D) O Consello Asesor de Consentimento Informado.

2. De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, a suspensión firme determinará a perda do posto de traballo:

- A) Cando exceda de 3 meses.
- B) Cando exceda de 12 meses.
- C) Cando exceda de 6 meses.
- D) Cando exceda de 9 meses.

3. O artigo 72 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, determina que a negativa para participar activamente nas medidas especiais adoptadas polas Administracións públicas ou servizos de saúde cando así o esixan razóns sanitarias de urxencia ou necesidade é unha falta:

- A) Grave.
- B) Moi grave.
- C) Leve.
- D) Non está tipificada como falta.

4. De acordo co artigo 15 da Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, de Estatuto de Autonomía para Galicia, o presidente da Xunta de Galicia:

- A) É nomeado polo Parlamento galego.
- B) É elixido polo Rei entre os deputados electos.
- C) É elixido polos membros do Goberno autonómico entre os deputados electos.
- D) É elixido polo Parlamento de Galicia de entre os seus membros.

5. Segundo o establecido no artigo 24 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, quen garantirá ás mulleres que sofren ou sufrisen calquera tipo de violencia de xénero que recolle a presente lei o dereito á atención sanitaria?:

- A) Os servizos sociais de cada concello.
- B) Os servizos públicos de saúde.
- C) Calquera profesional sanitario.
- D) Os centros de acollida a mulleres maltratadas.

6. De acordo coa Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais. corresponderá ás Administracións públicas competentes en materia sanitaria:

- A) A implantación de sistemas de información adecuados que permitan a elaboración, xunto coas autoridades laborais competentes, de mapas de riscos laborais.
- B) A realización de estudos epidemiolóxicos para a identificación e prevención das patoloxías que poidan afectar á saúde dos traballadores, así como facer posible un rápido intercambio de información.
- C) A elaboración e divulgación de estudos, investigacións e estatísticas relacionados coa saúde dos traballadores.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

7. Quen é o presidente/a do Servizo Galego de Saúde:

- A) A persoa que designe o/a titular da Consellería de Sanidade.
- B) A persoa que designe o/a presidente/a do Parlamento de Galicia.
- C) A persoa titular da Consellería de Sanidade.
- D) A persoa que designe o/a responsable do Ministerio de Sanidade.

8. Segundo o establecido no artigo 26 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, para acceder á promoción interna, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- A) Ter a condición de persoal estatutario fixo doutra categoría de nivel académico igual ou inferior ao daquela á que se pretende acceder.
- B) Estar en servizo activo en institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, e con nomeamento como persoal estatutario fixo durante, a lo menos, dous anos na categoría de procedencia.
- C) Ostentar a titulación requirida.
- D) Todas as respostas anteriores son correctas.

9. A Constitución Española establece respecto á liberdade de cátedra que é:

- A) Un principio reitor da política social e económica.
- B) Un dereito fundamental.
- C) Un dereito dos docentes públicos.
- D) Un principio fundamental da ensinanza pública.

10. De acordo co artigo 3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente:

- A) Á promoción da saúde e ao tratamento das enfermidades.
- B) A promoción do benestar integral e á prevención das enfermidades.
- C) Á promoción da saúde e á prevención das enfermidades.
- D) Á promoción do benestar integral e á educación sanitaria.

1. O artigo 16 da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia establece que os vicepresidentes e os conselleiros da Xunta de Galicia son nomeados e cesados por:

- A) O presidente do Parlamento.
- B) O Rei.
- C) O presidente da Xunta de Galicia.
- D) O Rei os nomea e o presidente da Xunta de Galicia os cesa.

2. Cal destes dereitos fundamentais regula o artigo 28 da Constitución Española:

- A) Dereito á educación.
- B) Dereito á folga.
- C) Dereito de petición.
- D) Dereito á reunión pacífica e sen armas.